CONSIDERACIÓNS DE UNIÓNS AGRARIAS – UPA PARA A MEMORIA SOBRE A SITUACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DE GALICIA 2021

Respecto do contido

Na memoria 2020 incluíronse contidos solicitados por Unións Agrarias – UPA relativos ao sector agrario (rexistro de explotacións agrarias, prezos das principais producións agrogandeiras, distribución da terra, aproveitamento forestal e danos da fauna salvaxe) así como outras estatísticas sobre violencia de xénero. Polo tanto, para a memoria 2021 deberían actualizarse.

Como criterio xeral consideramos necesario que a información se proporcione de xeito desagregado por grado de urbanización (GU) en todas aquelas estatísticas que ofrezan datos a nivel municipal.

Igualmente, a perspectiva de xénero debe reflectirse en todos os indicadores que permitan ese grado de detalle.

Respecto da metodoloxía de traballo

Consideramos que o actual método de presentación previa por escrito de consideracións particulares aos borradores dos capítulos elaborados polo gabinete técnico e debate nas sesións da comisión é eficaz. De feito, o debate axuda a mellorar o texto das consideracións particulares e a chegar mellor a consenso. Ata é máis áxil.

En canto ao carácter presencial ou a distancia das reunións, pensamos que ambas fórmulas son proveitosas.